

Ruta 1. Camiño portugués pola costa

Percorrido de 9,3 km de lonxitude, cun nivel de dificultade baixa, ideal para persoas que desexen gozar nunha mesma ruta do noso patrimonio histórico e a paisaxe natural que nos amosa a costa.

Saíndo da oficina de turismo, dirixímonos ao casco vello e, no convento das Dominicanas (s.XVI), xiramos á dereita pola rúa Diego Carmona. Deixando a man dereita a fonde da Laxe chegamos ao pé da Ex-Colexiata de Santa María (s.XIV), onde nos incorporaremos ao Camiño Portugués pola Costa.

Seguimos todas as indicacións amarelas ata a ponte da Ramallosa, onde deixamos o trazado cara a Santiago para retornar polo paseo litoral.


Nestes 5 km de camiño de peregrinación atopámonos co antigo hospital Santi Spiritus, hoxe biblioteca municipal, co cruceiro da Santísima Trindade (s.XV), único en Galicia. Continuamos polo Camiño Real, e no km 2,5, chegamos á fonte do Pombal (s.XV) onde recomendamos tomar as súas magníficas augas.

Cruzamos distintas pontes ata chegar ao punto máis alto de percorrido onde, ao atopar coa figura de Santo Domingo, xiramos á esquerda polo Camiño Lindeiro, estreito camiño que baixa ata o Pazo Cadaval, e onde encontraremos unha das xoias do Miñor, a ponte Románica da Ramallosa (s.XIII).

Ao cruzalo, xiraremos á esquerda e cruzaremos o paso de peóns para seguir polo camiño peonil acaricia a marisma gozando de toda a beleza da flora e fauna do esteiro.

A falta de 2 km para rematar a ruta poderemos acougar ao pé dunha fonte de pedra, a man dereita do noso camiño, para continuar bordeando toda a península de Santa Marta, coroada pola ermida do mesmo nome, construída sobre as ruínas dunha capela anterior que, en 1585, o pirata inglés Francis Drake arrasou e queimou no seu intento de acceder á península.

Remataremos a ruta gozando da panorámica da réplica da Carabela Pinta e, tras ela, a imponente fortaleza de Monterreal.



Ruta 2. Fluvial e litoral

Percorrido circular de 12 km de lonxitude, cun nivel de dificultade media, ideal para persoas apasionadas pola natureza e o contacto co mar.

O inicio deste recorrido localízase na oficina de turismo ao carón do areal da Ribeira. Avanzamos polo paseo de Alfonso IX divisando o porto pesqueiro e seguimos en paralelo ao mar cara ao areal de Santa Marta.

Ao chegar, cruzamos o paso de peóns e xiramos á dereita para meternos no ascenso do paseo fluvial de madeira do Río Baíña, de 550 metros, para continuar cara ao encoro.


A medio camiño, xiraremos de novo á dereita e entrar nos Eidos, continuando o paseo pola canle do río ata chegar ao punto máis alto do noso percorrido, 250 metros, onde poderemos recuperarnos bebendo da fonte de Fontes cercana ao picadeiro de cabalos.

Retomamos o paso para comezar o descenso cara ao segundo paseo fluvial de madeira, en Baredo, cunha lonxitude de 740 metros. Unha vez recorrido o paseo, sempre en paralelo ao mar e coa cautela debida, regresaremos a Baiona pola costa, onde poderemos gozar da forza das ondas batendo nas rochas.

Ao chegar al área de descanso da Rocha divisaremos a espectacularidade das Illas Cíes ao fondo.

Avanzamos cara ao crebaondas bordeando o Monte Sansón onde, dende o seu cume, a Virxe da Roca acompañaranos no noso traxecto ata o areal da Concheira. A esquerda, accederemos á senda empedrada do paseo Monte Boi que bordea a fortaleza do Monterreal (S. XI – XVII). No km 10 dispoñemos dunha fonte para refrescarnos antes de chegar ao pequeno pero paradisíaco areal dos Frades.

Continuamos o paseo para chegar novamente ao punto de inicio.



Ruta 3. Dos petróglifos

Percorrido circular de 17,2 km de lonxitude, cun nivel de dificultade media/alta, ideal para persoas xa experimentadas na actividade de sendeirismo e que queiran gozar da montaña e os seus elementos etnográficos.

Iniciamos a ruta partindo da oficina de turismo e, cruzando o parque da Palma, pasamos por diante da estatua de Pinzón. Seguindo a costa, a uns 200 metros á esquerda, adentramos nunha chaira onde iniciamos o ascenso cara ao vía crucis da Virxe da Roca.

Seguimos a nosa ruta pasando sobre a ponte da autoestrada onde iníciase unha grande pendente de asfalto, dos 700 metros, ata chegar a un desvío a man dereita que nos levará ao colexio de Fontes. Dende aquí, ascendemos por camiños de terra ata a área de recreo de Chan da Lagoa (alt. 335 m.) onde poderemos hidratarnos na súa fonte antes de continuar cara a antiga aldea medieval de San Cosme.

A uns 300 metros, xiraremos á dereita e ascenderemos polo antigo camiño empedrado onde comezaremos a gozar dunha nova visión de Baiona e da súa ría, que cambiará a medida que avanzamos.

Alcanzado o km 10, máxima altitude da nosa ruta (430 m.), poderemos avistar catro Rías (Baiona, Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa). Xiraremos á esquerda para comezar o descenso por un camiño lousado, onde aínda observaremos as rodeiras que deixaron os carros, chegando aos pés da Estación Rupestre Outeiros dos Lameiros, composta por petróglifos de máis de 4.000 anos de antigüidade.

Seguimos o descenso cara ao lugar habitado dos Eidos onde teremos a nosa disposición unha segunda fonte. A falta de 3 km para o noso destino final bordearemos a igrexa de Santa Marina de Baíña (S. XII) e continuaremos pola estrada ata o acceso, a man esquerda, que nos leva ao magnífico Cruceiro da Santísima Trindade onde nos meteremos no casco histórico-monumental de Baiona. Dende aquí chegaremos ao punto de partida para poder gozar dun merecido descanso.



Baiona en Ruta Sendeiros por Baiona

Características das rutas

Ruta 1. Camiño portugués pola costa

9,3 **2,20 h.** **CALORÍAS** 625

Tipo de sendeiro: circular.
Nivel de dificultade: baixa.
Altitude máxima: 40 m.
Desnivel acumulado: 90 m.
Calzada: superficie que combina asfalto, pedra e madeira.

Tempo e calorías estimadas

Ruta 2. Fluvial e litoral

12,0 **3,25 h.** **CALORÍAS** 850

Tipo de sendeiro: circular.
Nivel de dificultade: media.
Altitude máxima: 250 m.
Desnivel acumulado: 286 m.
Calzada: superficie que combina madeira e asfalto.


Tempo e calorías estimadas

Ruta 3. Dos petróglifos

17,2 **4,45 h.** **CALORÍAS** 1.200

Tipo de sendeiro: circular.
Nivel de dificultade: media/alta.
Altitude máxima: 430 m.
Desnivel acumulado: 582 m.
Calzada: superficie que combina terra e pedra.

Tempo e calorías estimadas



Océano Atlántico

Ría de Baiona

Cabo Silleiro

Baiona

Ramallosa

Baíña

Baredo

Encoro de Baíña

Gondom

Código de conduta

Vai a percorrer espazos de grande valor ambiental, etnográfico, cultural, histórico e paisaxístico, sexa respectuoso.

Para unha mellor fluidez, sempre que sexa posible, respecte o sentido da marcha, dereita ou esquerda segundo a dirección.

Deixe prioridade de paso ás persoas maiores, persoas con mobilidade reducida, pais con carros de nenos, etc.

Evite obstaculizar o paso en calquera punto do percorrido e se ten que pararse, fágao con seguridade, facilitando o paso e uso aos demais usuarios/as.

As rutas cruzan ou pasan ao lado de estradas poña a máxima atención.

En caso de levar animais de compañía estes deberán, en todo momento, ir con correa, excepto naqueles lugares habilitados ou compatibles segundo a lexislación vixente.

Escala



112
Teléfono de emerxencias
Teléfono de emerxencias
Emergency telephone number
Numéro d'appel d'urgence

	Vostede está aquí
	Oficina de turismo
	Sentido da ruta
	Punto Km